

Situación económica agravada pola Covid-19**MÁIS DE 10.000 FAMILIAS NECESITADAS
RECIBIRÁN 800.000 MÁSCARAS DOADAS POR
EROSKI**

- A doazón canalízase a través da Tarxeta Solidaria en colaboración con 70 entidades sociais entre as que destacan Cáritas ou a Cruz Vermella
- EROSKI, ademais, baixou o prezo das máscaras hixiénicas desbotables a 15 céntimos e o prezo das cirúrxicas desbotables, incluídas as infantís, é de 40 céntimos

Elorrio, 23 de novembro do 2020.- [EROSKI](#) doaralles 800.000 máscaras a 10.000 familias necesitadas cunha situación agravada pola crise económica derivada da Covid-19, e facilítalles deste xeito o acceso a un elemento de protección e seguridade indispensable. *"Esta doazón permitiralles o acceso a este produto de primeira necesidade, sobre todo agora que afrontamos o período do Nadal, no que se multiplican as interrelacións familiares e sociais e cómpre máis ca nunca"*, afirma o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

A doazón canalizarase a través dunhas 70 entidades públicas ou sociais, como Cruz Vermella ou Cáritas, coas que EROSKI colabora habitualmente en distintos proxectos solidarios. *"Esta acción axúdanos a adaptarnos ás necesidades de cada momento facilitando o acceso a máscaras para persoas con graves dificultades económicas"*, recoñeceu o director de Cáritas Biscaia, Carlos Bargas.

Un dos medios utilizados para materializar a doazón será a Tarxeta Solidaria, unha tarxeta de compra para fins sociais que permite canalizar a axuda asistencial de administracións e entidades sociais a cidadáns e familias en situacións de emerxencia. Son xa máis de 70 as administracións e entidades das comunidades do País Vasco, Navarra, Galicia, Baleares, Aragón, Andalucía e Cantabria que utilizan este servizo que EROSKI ofrece dende o 2015 en todo o territorio onde opera a súa rede comercial.

Máscaras a 15 céntimos**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Esta acción únese á baixada de prezo de todas as súas máscaras non reutilizables para adultos e infantís, co que EROSKI quere dar un paso máis no seu firme compromiso pola seguridade e o aforro dos seus consumidores ante as dificultades que están a vivir derivadas da situación actual.

As máscaras hixiénicas desbotables para adultos e infantís atópanse a 15 céntimos a unidade e as cirúrxicas desbotables tamén de adultos e nenos a un prezo de 40 céntimos a unidade. Están dispoñibles en caixas de 50 unidades ou en formato de bolsa de 10 unidades.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)